

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN RTVG, DO 17 DE FEBREIRO DE 2023, POLA QUE SE ESTIMA A PETICIÓN DE SUSPENSIÓN DO PROCESO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN

Vistas as solicitudes de suspensión contidas nos recursos de reposición interpostos por varias persoas interesadas e as organizacións sindicais Central Unitaria de Traballadoras e Comisións Obreiras; contra a Resolución do 29 de decembro do 2022, do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., procede contestar cos seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Mediante anuncio publicado no DOG do 30 de decembro de 2022, déuselle publicidade á convocatoria do proceso selectivo excepcional de estabilización, realizada mediante a citada resolución.

SEGUNDO.- As persoas interesadas e organizacións sindicais mencionadas presentaron recursos de reposición, nos que se inclúe a solicitude de suspensión da execución da Resolución recorrida.

Vista a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro); a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro); e a Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (DOG núm. 239 do 16 de decembro), e a demais normativa concordante de aplicación, e en virtude dos seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O Director Xeral da Corporación RTVG, en virtude do disposto no artigo 26 da Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (DOG núm. 239 do 16 de decembro) e no artigo 36.2 e) dos Estatutos da Corporación, é competente para coñecer da resolución das presentes solicitudes de suspensión.

SEGUNDO.- O artigo 117.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (BOE 2/10/2015), regula a suspensión dos actos impugnados nos recursos administrativos nos termos seguintes:

“... o órgano a quen compete resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrida, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) Que la execución puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

TERCEIRO.- Polo que se refire aos prexuízos de difícil reparación, a pesar de contar cos preceptivos informes favorables, hai que ter en conta que os recursos presentados cuestionan, en esencia, os seguintes extremos da convocatoria: a valoración de determinados méritos, a puntuación mínima dos procesos selectivos e os requisitos de titulación esixidos para participar

nos procesos selectivos. En definitiva, están en xogo determinados criterios de valoración que poderían modificar as condicións da concorrència competitiva e influír na decisión de concorrer ou non ao proceso selectivo. Ao que hai que engadir que unha das peticións está presentada por dúas das organizacións sindicais cunha importante presenza nos órganos de representación do persoal, do que se presume un amplo respaldo á solicitude de suspensión.

CUARTO.-En canto á ponderación entre os prexuízos descritos e os que se ocasionaría ao interese público e a outros interesados en caso de outorgarse a suspensión, é claro que esta só provocaría un atraso na celebración dos procesos selectivos. Polo tanto, cabe concluír que os prexuízos derivados da suspensión son patentemente menos graves que os que se causarían por unha estimación eventual dos recursos cando xa transcorrera o prazo de presentación de solicitudes, o que fai aconsellable que se acorde a suspensión antes de que se alcance ese punto.


En consecuencia e, en virtude das razóns expostas , o Director Xeral da CRTVG, **RESOLVE**

ESTIMAR as solicitudes de suspensión formuladas nos respectivos recursos de reposición interpostos polas organizacións sindicais Central Unitaria de Traballadoras e Comisións Obreiras e outras persoas interesadas e **suspender** a convocatoria do proceso selectivo excepcional de estabilización con efectos do 17 de febreiro de 2023 e, en consecuencia, o prazo de presentación de solicitudes, que se reiniciará no momento no que por resolución deste mesmo órgano se levante a suspensión e que se publicará na páxina web da CRTVG.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa notificación, perante, a elección da demandante, o xulgado do contencioso-administrativo da circunscrición na que teña o seu enderezo, ou o de Santiago de Compostela, conforme ós artigos 8 e 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14 de xullo).

Santiago de Compostela, a 17 de febreiro de 2023

O Director Xeral da Corporación
Radio e Televisión de Galicia S.A.



Alfonso Sánchez Izquierdo

CRTVG CORPORATION
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Dirección Xeral